

AO CONSELLO DE CONTAS DE GALIZA

Don Xabier Pérez Iglesias, maior de idade, con documento de identidade [REDACTED] en calidade de concelleiro e portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo, segundo se acredita na acta da sesión constitutiva do Pleno de 17 de xuño de 2023, da que se achega copia xunto con este escrito como DOCUMENTO NÚMERO 1, e con domicilio a efectos de notificacións na rúa Celso Emilio Ferreiro 3-baixo 36203 de Vigo (Pontevedra) e correo electrónico con enderezo xabier.perez@vigo.org, ante este Consello de Contas comparezo e DIGO:

Primeiro.- Que, por medio do presente escrito, formulo DENUNCIA ante o Consello de Contas de Galiza, co obxecto de poñer en coñecemento deste órgano fiscalizador unha serie de irregularidades detectadas na xestión contractual do Concello de Vigo, en virtude das competencias atribuídas a este Consello pola Lei 6/1988, do 13 de xullo, do Consello de Contas, e pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, entre outra normativa aplicábel, para poner no seu coñecemento os seguintes.

FEITOS

I. O pasado 12 de xuño de 2023 realizouse na cidade de Vigo un concerto da banda *Guns N' Roses*, celebrado no estadio municipal de Balaídos. Dito concerto foi anunciado publicamente co logotipo do Concello de Vigo e presentado con alcance público a través dos medios de comunicación polo alcalde, don Abel Ramón Caballero Álvarez.

II. Con carácter previo a ese evento o Concello de Vigo acordou coa promotora do concerto unha serie de contrapartidas, tanto materiais como económicas. As mesmas terían sido acordadas nunha xuntanza mantida polo alcalde e mais o concelleiro-delegado de Festas, don Pablo Luís Estévez Rodríguez, cos máximos representantes da entidade promotora o 20 de outubro de 2022. Cinco

días despois eses compromisos por parte do Concello de Vigo, que incluían unha achega económica “de até 1.500.000,00€ máis IVE” se formalizan a través dunha Carta de Interese, subscripta polo señor Estévez Rodríguez no exercicio das súas competencias como concelleiro-delegado. Un acto, a emisión da carta de interese, que se realiza de maneira irregular do punto de vista administrativo, ao non proceder á apertura preceptiva dun expediente municipal ao efecto, e en contra do criterio dos servizos xurídicos do propio Concello, que o mesmo día no que se formaliza a carta tiñan advertido, por parte dunha técnica da asesoría xurídica municipal nunha comunicación electrónica á xefa do servizo de Festas de que o tenor literal do referido documento “*Sigue contendo previsións que aparentan ser un precontrato e por tanto parece que contén unha obriga para a administración da súa celebración no caso de que prospere*”.

III. A partir da carta de interese téñense acreditado conversas e contactos por parte de responsábeis municipais e membros do Goberno local coa promotora tendentes á tramitación e formalización dun contrato negociado sen publicidade, de análogas características a outros subscritos con obxectos semellantes por parte do Concello de Vigo. No entanto, por indicación do Servizo de Contratación, baixo a dirección da concelleira-delegada dona Patricia Rodríguez Calviño, procédese a iniciar a licitación dun presunto procedemento aberto de patrocinio publicitario para celebrar “un concerto internacional” no estadio de Balaídos en xuño de 2023. Proceso de licitación ao que a única concorrente é a promotora do concerto referido de *Guns N’ Roses* pero que a proposta da Mesa de Contratación a Xunta de Goberno Local (XGL) declara deserto por non validar (actuando contra actos propios) o documento que acreditaba a representacións dos dereitos da banda por parte da promotora que exercía de intermediaria local, a pesar de ter análogas condicións que outros documentos achegados en precedentes procedementos contractuais co Concello de Vigo.

IV. Este acto, a declaración de deserto do presunto concurso aberto para un patrocinio publicitario e a impugnación do recurso de reposición contra o acordo da XGL, motivan un procedemento de reclamación xudicial do que emana a **sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Vigo (sentenza 00018/20225 recaída no PO 000316/2023)**, que se anexa ao presente escrito como DOCUMENTO NÚMERO 2, que acredita o sinalado nos incisos anteriores, e que no seu fallo dita:

“Estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el procurador Ricardo Estévez Cernadas, en nombre y representación de “Sweet Nocturna, S.L.N.E” frente al Concello de Vigo, y aprecio la disconformidad a Derecho del acuerdo de la junta de gobierno local, de 21 de julio del 2023, en cuanto que inadmitió el recurso de reposición destinado a combatir el desierto del procedimiento, y desestimó el recurso de alzada presentado por la actora. También resulta inadecuado a Derecho el acuerdo de la junta de gobierno local de 11 de agosto de 2023, de inadmisión de la solicitud presentada por la actora el 1 de agosto de 2023, de pago por ejecución de contrato en el ámbito del procedimiento abierto para la contratación de un patrocinio publicitario para la celebración de un concierto en el estado de Balaídos, expte. Nº 9713/335, y por todo ello, anulo y revoco las anteriores actuaciones.

Condeno al Concello de Vigo a resolver el procedimiento de licitación Nº 9713/335, en favor de la actora, y a abonarle el precio ofertado (1.563. 000,00 € más IVA, junto con los intereses correspondientes”.

V. É nesa sentenza onde como feitos probados que fundamentan en Dereito se constatan abertas e graves irregularidades por parte do Concello de Vigo que supoñen un incumplimento da normativa vixente en materia de contratación pública, así como unha posible lesión aos principios de transparencia, igualdade, concorrencia e eficiencia no uso dos fondos públicos, co consecuente prexuízo para o erario público mesmo incorrendo en actos que só pretenderían revestir de legalidade actuacións previas desenvolvidas de maneira contraria á norma legal. Así se sinala no texto da sentenza cando se indica que *“(…) la demandada [Concello de Vigo] en el caso enjuiciado, de entrada lo ha ignorado, ha desarrollado las bases de la contratación con carácter previo al cumplimiento de esas exigencias legales y posteriormente, avanzado el contrato y también un pseudo procedimiento (el negociado sin publicidad expediente nº 19458-101), ha querido revestir lo actuado con las formalidades requeridas por la Ley”.*

O maxistrado-xuíz deste procedemento sentenciado acrecenta esta cuestión cando sinala que *“(…) alcanzamos la triple convicción de que entre las partes hubo acuerdo en cuanto a la celebración del contrato que se formalizaría ulteriormente, no se olvide que nos hallamos en presencia de un contrato privado que se perfeccionan por el consentimiento y que éste se traduce en la coincidencia de voluntades en torno a un objeto.”* e tamén ao sinalar que *“Alcanzamos la convicción*

de que hubo ese entendimiento entre las partes, de que ambas sabían que su formalización que debía sujetarse a las exigencias de la Ley de contratación administrativa, se llevaría a cabo posteriormente. Inicialmente se canalizó, como otras veces, a través del procedimiento negociado sin publicidad del patrocinio publicitario y posteriormente, a través del procedimiento abierto. Hubo entendimiento entre las partes acerca de los elementos esenciales de la prestación, singularmente fecha y lugar del concierto y precio a abonar por la demandada. Y por la actora, desde ese entendimiento, se han desarrollado todas las obligaciones que le incumbían tendentes al cumplimiento de su prestación, como así se ha materializado.”

Aliás, a sentenza sostén con base na proba que “Dentro de la actividad desarrollada por la actora en cumplimiento de sus obligaciones para atender el patrocinio municipal, el 2 de diciembre del 2022, se le participa el logo-imagen corporativa del Concello de Vigo en el anuncio del concierto de Guns N’Roses en Vigo y se coordina con la demandada la publicidad de la fecha del evento. Se abordaron las cuestiones de su aforo y precio de las entradas y todas estas conversaciones giran en torno a una misma órbita la contractual que estaba pendiente de formalizarse pero que necesariamente progresaba con la aquiescencia de la demandada, en la medida en que, ya avanzamos, un concierto de estas características no puede concebirse, licitarse aprobarse en un plazo de dos meses, como el que posteriormente se ha establecido en el que para la demandada es el único expediente existente, el nº 9713-335, de procedimiento abierto para la contratación de un patrocinio publicitario.”.

A respeito do presunto “concurso aberto” convocado polo Concello de Vigo, fica acreditado en sede xudicial que o seu obxecto viña predeterminado cunhas bases ad hoc en favor da promotora do concerto de *Guns N’ Roses*. Así, na sentenza que se invoca recóllese que “*Coincidimos plenamente con la actora en cuanto que esa licitación no era para la contratación de un patrocinio publicitario, era para la contratación del patrocinio publicitario que ya venía desarrollándose por la recurrente. Se estableció en modalidad abierta pero falazmente, solo formalmente porque realmente era cerrado ya que su objeto solo podía ser el patrocinio del inminente concierto, ya concertado, del 12 de junio del 2023, al que solo podía concurrir la actora*”. No mesmo sentido, o Xulgado Contencioso-Administrativo número 2, determina como probado que “*La finalidad del servicio de contratación era pues, otorgar la vestimenta jurídica y formal adecuada a una contratación*

preexistente pero que carecía de ella, y a la vista de los acontecimientos posteriores, nos asalta la duda en torno a si la finalidad última sería declarar desierto el procedimiento bajo cualquier pretexto, como el empleado de modo absurdo, y así, no cumplir con las obligaciones ya adquiridas con la recurrente. Esta duda no conseguimos disiparla, pero lo que se presenta diáfano es que el expediente nº 9713-335, de procedimiento abierto para la contratación de un patrocinio publicitario, se articuló exclusivamente para proporcionar la necesaria cobertura a una prestación que fue aceptada por la demandada, en los términos propuestos por la actora y que ya estaba muy próxima a su consumación. Efectivamente, como se describe en la demanda, los requisitos exigidos en los pliegos de esa licitación, para unas fechas como las indicadas, solo podían ser cumplidos por la actora y con relación al evento del 12 de junio del 2023, y de no concebirlo así, la convocatoria del procedimiento sería nula por ausencia de objeto posible. Nótese que la licitación se publica el día 25 de abril de 2023 y la fecha máxima autorizada para la celebración del concierto era dos meses después, como tarde el 27 de junio del 2023”.

Un convencimiento cierto por parte do maxistrado-xuíz, a respeito do alcance de simulación dese presunto “concurso aberto” finalmente desistido ao ser declarado deserto, que o leva a soste como conclusión que *“Esos precedentes en el supuesto enjuiciado los hemos analizado ya, se resumen en que ha habido conversaciones entre las partes con voluntad negocial, con significado y trascendencia contractual, promovidas por la demandada, dirigidas a la contratación a través de Sweet Nocturna S.L.N.E. de un concierto/patrocinio de la banda Guns N’Roses, a desarrollar el 12 de junio del 2023, en el estadio municipal, a cambio de un precio cierto. Estas conversaciones han sido, han comenzado en tiempo muy anterior a la incoación del procedimiento abierto destinado a revestir formalmente el acuerdo y ha sido así, en parte porque lo impone la naturaleza del objeto del contrato, en parte porque anteriormente también se desarrollaron del mismo modo. Ese expediente de inicio tomó la forma de negociado sin publicidad pero ejecutadas ya alguna de sus prestaciones, se recondujo a la forma de procedimiento abierto para la selección de un concierto internacional”.*

E, por derradeiro, todo o razoamento xurídico con acordo a Dereito e con base nos elementos probados, levan ao maxistrado a sinalar expresamente a existencia dun *“irregular proceder de la demandada que se ha examinado en esta sentencia y que*

ha culminado con las indebidas y arbitrarias decisiones de inadmisión de la actora como licitadora y declaración de desierto del procedimiento”.

VI. A pesar da gravidade dos feitos acreditados na sentenza invocada os mesmos non se poden substanciar plenamente no que ten a ver coa súa depuración xurídica no ámbito contencioso-administrativo, nomeadamente á hora de determinar a concurrencia de ilícitos de tipo penal por parte das persoas participantes dos actos irregulares constatados, polo que é necesario a acción do Ministerio Público, de acordo a súa función xurisdiccional, para fiscalizar e aclarar as responsabilidades penais que se poidan derivar dos feitos sinalados, sendo esta Fiscalía competente para iniciar as dilixencias de investigación conforme ao artigo 5 do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal (Lei 50/1981, do 30 de decembro).

VII. Cómpre sinalar que no caso de se tornar firme o fallo ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Vigo, as actuacións irregulares relatadas anteriormente ocasionarían un grave prexuízo económico para o erario municipal, por importe de 1.563.000,00 euros máis IVE.

VIII. Adicionalmente ao sinalado no inciso anterior, é necesario remarcar que estamos, por tanto, perante a evidencia acreditada en sentenza xudicial, de que por parte dos responsábeis do Concello de Vigo non se se seguiu o previsto legalmente no procedemento contractual (que, en puridade, non debería ser un contrato de patrocinio que require a xustificación motivada e verificábel dun retorno publicitario, así como da motivación e acreditación da necesidade para o Concello de Vigo desa publicidade; sendo o legalmente mais adecuado un procedemento negociado sen publicidade para a contratación dunha concreta actuación musical).

Xa que logo, á vista dos feitos acreditados até o momento, faise preciso tamén esclarecer as posíbeis responsabilidades concretas que derivan dos actos irregulares sinalados.

É necesario sinalar a este respecto que, de acordo con CUBILLO RODRÍGUEZ, [CUBILLO RODRÍGUEZ, Carlos. *La responsabilidad contable derivada de los contratos del sector público*. Revista Española de Control Externo n.o 30. Año 2008], “*la responsabilidad contable tiene su origen en una gestión ilegal y dolosa o gravemente negligente de fondos públicos, lo que genera una obligación de indemnizar los daños y perjuicios*”.

Adicionalmente o mesmo autor [CUBILLO RODRÍGUEZ, Carlos. *La responsabilidad contable: nuevas perspectivas*. Consejo General del Poder Judicial. Encuentro con el Tribunal de Cuentas. 26 a 28 de septiembre de 2016], sinala que a Lei 19/2013, de 9 de decembro, no seu artigo 26.2 (LA LEY 19656/2013), recolle dous principios xerais e dous principios de actuación, de singular importancia na análise contractual:

- *“a) Principios generales: 1. El deber de actuar con transparencia en la gestión de los asuntos públicos, de acuerdo con los principios de eficacia, economía y eficiencia y con el objetivo de satisfacer el interés general. 2. El deber de actuar con la diligencia debida en el cumplimiento de las obligaciones y de fomentar la calidad en la prestación de los servicios públicos.*
- *b) Principios de actuación: 1. El deber de ejercer los poderes públicos que atribuye la normativa con la finalidad exclusiva para la que fueron otorgados y el deber de evitar toda acción que pueda poner en riesgo el interés público o el patrimonio de las Administraciones. 2. El deber de gestionar, proteger y conservar adecuadamente los recursos públicos, que no podrán ser utilizados para actividades que no sean las permitidas por la normativa que sea de aplicación.”*

Neste sentido, tal e como sosteñen Miguel Ángel Torres Morato, Fiscal Xefe do Tribunal de Contas) e mais Ignacio Góngora Zurro, Interventor e Auditor do Estado, [*La contratación irregular en el sector público como supuesto de responsabilidad contable*. Diario La Ley, Nº 9484, Sección Tribuna, 24 de Septiembre de 2019, Wolters Kluwer] *“(…) el hecho de que la Administración no haya aprobado el acto administrativo de reconocimiento de la obligación no afecta al gasto incurrido por la Administración como consecuencia del servicio prestado correctamente por el contratista. Es la realización material de la prestación por parte del acreedor (corriente real de bienes y servicios) lo que determina la realización del gasto, y no los actos formales de la Administración que la suceden en el procedimiento, como es el acto administrativo de reconocimiento de la obligación”*.

Aliás, os mesmos autores sosteñen que *“(…) La consideración de que, en una contratación irregular que comporta pérdida de valor, el perjuicio en el patrimonio se ha producido sin necesidad de que se haya procedido al pago, se sustenta, asimismo, en la previsión que establece el artículo 177.1 c) de la LGP (LA LEY*

1781/2003), cuando proclama la existencia de responsabilidad patrimonial por el hecho de «liquidar obligaciones con infracción de lo dispuesto en esta Ley», así como que “Si dicha infracción genera responsabilidad patrimonial quiere decir que implica un daño por sí misma a los fondos públicos”, concluyendo que “esa posible responsabilidad contable también se señala, como mencionamos anteriormente, en el artículo 46 de la Ley General Presupuestaria (LA LEY 1781/2003)”.

Nese mesmo texto, sostense con base á doutrina xurídica, que “(...) la variación patrimonial se produce desde que se realiza correctamente la prestación efectiva del servicio y, por tanto, a partir de ese momento se puede causar un perjuicio a la Administración pública si la prestación deriva de una contratación irregular.

En este último supuesto, se origina la correspondiente obligación de indemnizar a la Administración pública perjudicada por parte de su gestor, a fin de restablecer el equilibrio patrimonial del ente que ha reconocido indebidamente la obligación”.

Á hora de determinar eventuais responsabilidades patrimoniais por parte das autoridades municipais e demais participantes nos actos irregulares obxecto deste escrito, é preciso facer unha ampla invocación normativa como guía para unha exhaustiva e rigorosa análise, cuxo contido literal por razón de síntese dáse por reproducido a efectos de fundamentación:

- Disposición dicional vixesima oitava da LCSP.
- Artigo 78 da LRBRL.
- artigo 60 do TRRL
- Artigo 22 do ROF
- Artigos do 176 ao 179 da LXO
- Artigos 173.5 e 188 do TRLRFL
- Artigos 38, 39, 40 e 41 da LOTC
- Artigos 49.1 da LFTC
- Artigos 36 e 37 da LRXSP

Con respecto ás contratacións á marxe do procedemento administrativo, como é a que motiva este escrito, e as responsabilidades penais que se puideran derivar da súa omisión en contratacións publicas non conformes a Dereito, acae tamén atender o sinalado pola Sala do Penal do Tribunal Supremo, en Sentenza do día 01.07.2015, referida ao recurso de casación 2284/2015.

Segundo.- Os feitos denunciados, para alén de puideren ser constitutivos de diversos tipos de ilícito penal, vulneran o marco legal vixente en materia de contratación pública así como os principios de boa administración recollidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As irregularidades sinaladas poderían derivar nunha xestión ineficiente ou incluso en responsabilidades contables, conforme ao disposto na Lei 7/1988, do 5 de abril, de Funcionamento do Tribunal de Contas, aplicable supletoriamente.

Polo que resulta procedente e necesario a súa posta en coñecemento do Consello de Contas de Galiza, xa que de acordo ao artigo 4 da Lei 6/1988, do 13 de xullo, este órgano ten como función fiscalizar a xestión económica e financeira do sector público galego, incluíndo os procedementos de contratación, e trasladar, se é o caso, os indicios de responsabilidade aos órganos competentes.

Polo exposto,

SOLICITO que se teña por presentado este escrito de denuncia e se admita a trámite polo Consello de Contas de Galiza dando lugar a iniciar as actuacións fiscalizadoras que procedan para investigar as irregularidades denunciadas na xestión contractual do Concello de Vigo, co obxecto de determinar o alcance das mesmas e, se é o caso, trasladar os indicios de responsabilidade aos órganos competentes.

Así como, que se me notifique o resultado das actuacións practicadas, conforme ao previsto na normativa de aplicación, no domicilio indicado neste escrito.

En Vigo, a 27 de marzo de 2025.

Asdo.